


3.º premio do VI Concurso literario *Mazarelos* (2020)

Jennifer Torres Mira

# Paranoid





Selene mirou a través da fiestra cara á intensa escuridade que engulía o bosque. Era noite clara de lúa chea e escoitábase o son dos animais nocturnos ao lonxe. Unha curuxa pasou voando baixo a luz branca que se derramaba polo outeiro, onde se debuxou unha figura humana camiñando. Aquel perfil resultoulle familiar á rapariga e a súa forma de camiñar confirmou que se trataba de Breixo. Seguiu coa mirada ata que este desapareceu, adentrándose na escuridade sen ningún tipo de luminaria que o guiase.

A mínima mostra de liberdade que representaba o feito de saír ao bosque, amparado no anonimato da negrura, atafegou a Selene. Dende que se declarara a alarma internacional había un ano, ela non fora quen de pisar terreo alleo á súa casa, salvo o da tenda de comestibles en contadas ocasións. As autoridades coidaban que ninguén saíse e os cidadáns facían o propio por se manteren con vida. Ninguén esperaba o xiro de acontecementos que sucedeu á suposta vacina do coronavirus e ninguén estaba preparado para o afrontar, polo que as perdas vitais superaron por moito ás do virus inicial.

Unha bágoa rodou pola meixela da rapaza lembrándose dos seus avós e de tódalas persoas que coñecera e que non se salvaran da enfermidade. A Terra continuaba xirando arredor do Sol, pero xa nada volvería ser igual. O seu mundo mudara de súpeto e, aínda que algunha xente desexaba volver á vida como antes a coñecían, ela abandonara esa esperanza ao mesmo tempo que os seus seres queridos abandonaran a vida.

A bruma dramática que comezara a envolver a Selene disipouse cando apareceu outra silueta onde antes vira pasa-la de Breixo. Desta vez a figura era de talle pequeno, un mingurrias de paso áxil que só podía ser Xoel, o fillo dos seus veciños. O rapaz, que Selene recordaba inquedo e latriqueiro, desapareceu na mesma zona que Breixo.

Os tres eran veciños e as súas vivendas formaban unha liña recta na cal a casa de Selene ocupaba o lugar central. De pequenos xogaban xuntos no outeiro, loitando coma guerreiros con pólas de piñeiro como espadas e anacos de cortiza como escudo. Non obstante, as curtas diferenzas de idade que os separaban entón fixéronse abismais ao entrar na adolescencia e a amizade infantil converteuse en mera indiferenza xuvenil.

Selene volveu a mirada cara o seu cuarto, pobrementemente iluminado coa pequena lámpada da mesa de noite, coma se dese xeito puidese evita-la idea que empezaba a tomar forma na súa cabeza. Sabía que non debía saír. Non obstante, a curiosidade abriuse paso entre o mar de medo que fora asentando durante o tempo que estivera confinada, un período aínda pendente de toca-la súa fin.

A porta traseira pechouse cun leve renxer ao tempo que Selene pechaba os ollos, pregando por non esperta-la súa nai. Agardou inmóbil no xardín durante un tempo prudente no que ninguén prendeu luz dentro da casa. E así, sentíndose segura baixo o anonimato que lle confería a penumbra, tomou o mesmo camiño que anteriormente seguiran os rapaces. Se todo saía a pedir de boca, a súa pequena aventura nocturna quedaría perdida na memoria e todo seguiría no seu lugar cando voltase á casa.

Despois de tanto tempo, a Selene pareceulle onírico o arrecendo da herba verde e incluso o eucalipto parasito, disperso ao longo do piñeiral, lle encheu o corazón de morriña. Estivera tanto tempo encerrada que xa non lembraba a fremosura daquela fraga. Os corredores de árbores, que parecían non ter fin, eran as súas novas ás de liberdade naquela noite clara. Camiñaba embebida naquelas sensacións cando, de súpeto, engancho o pé nunha raíz de árbore, tan naturalmente ornamentada que un artista barroco a admiraría, e caeu no chan de forma estrepitosa.

Dende a escuridade falou unha voz grave e masculina. Por un momento, Selene sentiu que quedaba sen alento. De primeiras, non recoñecera o timbre de Breixo, pois a última vez que o escoitara aínda era un neno e logo da puberdade, as poucas veces que se cruzaban dedicábanse a se saudaren cun vago movemento de cabeza. A voz buscaba de maneira urxente unha resposta a aquela intrusión.

Selene dubidou. Logo duns instantes, identificouse vagamente ante a sorpresa do rapaz, quen a iluminou directamente á cara cunha lanterna. Tralo foco de luz, Breixo sorriu e a súa expresión tornouse amigable, coma cando eran pequenos. Con todo, algo chamou a atención de Selene, había un brillo estraño na súa mirada, algo que a rapariga non soubo identificar, coma se se alegrase de vela. Coma se a estivese esperando.

Ao lado de Breixo, Selene viu a Xoel sentado, mirándoa taciturno. Este, que sempre fora moi vergoñento, murmurou un saúdo inintelixible e volveu ao seu mutismo anterior. De socato, unha guitarra rachou aquel silencio incómodo e Breixo comezou a cantar: «Síntome atraído polo teu sorriso, que o meu corazón inunda, escapemos xuntos desta noite fría e gris. Dáme a man». Aquela canción devolveunos á infancia, un tempo no que o único que importaba era merendar vendo o Xabarín Club e saír logo a representar cos amigos as loitas de Goku cos seus inimigos.

O ambiente volveuse lixeiro, Selene sentou ao lado dos rapaces e os tres, ao unísono, continuaron a canción. Ao remata-la peza desapareceran os anos que estiveran separados. En

poucas horas, Selene recuperara a esperanza que fora perdendo pouco a pouco, mes a mes, morte a morte. Deste xeito, volvéronse cómplices do crime imperfecto da liberdade e, ao amencer, voltaron á casa coa promesa de regresaren ao outeiro.

Cada noite, cando a escuridade engulía o día, Selene saía ás agachadas e atopábase de novo cos rapaces. Unhas semanas despois, o pacto convertérase en rutina e a rapariga esqueceu o que era durmir pola noite, adaptándose á vida dun animal nocturno.

Ana, a súa nai, notou este cambio no seu comportamento e fíxollo saber un día mentres comían:

— Oíches Selene, como é que agora dormes ata tan tarde polas mañás?

— Pois eu... —dubidou—. É que leo ata moi tarde, así que tamén durmo ata tarde —percibiu incredulidade na expresión da nai—. Non te preocupes, simplemente é un cambio de hábitos —asegurou—.

— Sabes que se tes algún problema do que queiras falar...

— Si, mamá, pero non o hai. Todo está ben —respondeu a filla, cortante.

— Vale —dixo Ana pouco convencida, sabendo que non conseguiría, por moito que o intentase, sacar máis información de Selene.

Continuaron a falar de temas sen importancia ata que remataron o prato de espaguetes. Non obstante, aínda que o problema parecía arranxado, no aire mantíñase a desconfianza. A indeterminada escusa de Selene non fixera máis que aumenta-las sospeitas da nai.

Pasaron os días e pronto chegou o outono. Mentres o chan se cubría de follas de cores, no ceo asentaron nubes grises de choiva, que ameazaban as ilícitas excursións ao outeiro da rapariga. Unha noite, Selene deixou a porta de atrás entreaberta, como facía decotío para non facer barullo á volta. Non obstante, desta vez o aire do Nordés pechouna de súpeto cun estrondo que espertou a nai.

—Selene? —chamou dende o cuarto contiguo ao da rapaza.

Tan só recibiu unha dose de silencio nocturno como resposta. Ao momento, levantouse para comprobar que a rapaza durmía no seu cuarto, pero ao chegar alí un arrepío percorreulle o corpo dende a cabeza ata os pés. Eran as catro da mañá e o cuarto de Selene estaba baleiro. A cama feita evidenciaba que ninguén durmira alí aquela noite e no armario faltaba o abrigo da súa filla. O paradiro desta era descoñecido.

Revisou os caixóns e atopou intactas as caixas de píbulas que o médico lle receitara

a Selene había uns meses, cando a crúa realidade que lles tocara vivir a superara por completo. Ante tal descubrimento e temendo pola seguridade de Selene, chamou inmediatamente a policía. Ao outro lado do teléfono, un home respondeu ao seu nerviosismo coa tranquilidade propia dun monxe tibetano.

— Ola. Desculpe que chame a estas horas pero a miña filla desapareceu. Entrei no seu cuarto e non estaba. Non pasou a noite na casa. Teñen que mandar unha patrulla para a buscar, por favor. Estou moi preocupada por ela —explicou con urxencia.

— Como dixo que se chamaba?

— Non o dixen. Chámome Ana, pero iso agora non importa porque...

— Ben, Ana. Que idade ten a súa filla?

— Dezanove anos. Escoite, ten que enviar alguén a buscala de contado, ela segue unha medicación moi estrita...

— Escoite, entendo que estea preocupada, pero a súa filla é maior de idade... Valorou a posibilidade de que a desaparición sexa voluntaria?

— Claro que a valorei! Iso é exactamente o que me preocupa! Creo que leva máis dun mes pasando as noites fóra da casa!

— Entendo...

— Non! Non o entende! Leva dous meses sen toma-los antipsicóticos que lle receitou o psiquiatra e desaparece polas noites. Nin sequera sei por onde empezar a buscar!

— Escoite, cálmese, estou aquí para a axudar...

— Pois axúdeme! Mande a patrulla dunha maldita vez! —e colgou o teléfono irada. Se a policía non estaba en disposición de busca-la súa filla, ela mesma removería ceo e terra ata a atopar.

Ana colleu unha cazadora no armario de Selene e saíu á escuridade, iluminando o camiño co pequeno foco do teléfono móbil. Empezou a chover cando chegou ao linde do bosque, pero non pensaba volver atrás por un paraugas. A súa filla estaba por aí perdida e, con choiva ou sen ela, estaba decidida a a encontrar.

De súpeto, o teléfono comezou a soar. Era o policía co que falara momentos antes, o cal chamaba para pregunta-lo enderezo a onde manda-la patrulla. Ana recitoulla nun instante. Parecía que, por fin, a axuda estaba en camiño.

Cando estaba a punto de colgar, escoitou unha voz coñecida entre o espesor negro das árbores.

— Espere... Creo que a escoito! —informou ao axente mentres aumentaba a velocidade do seu paso. O volume da voz aumentaba conforme Ana se achegaba ao outeiro e, por un momento, pareceulle que cantaba.

A fraga semellaba interminable aquela noite, ata que nun pequeno claro divisou a figura de Selene, engrñada cerca dunha árbore para se protexer da choiva.

— Selene! —berrou mentres a apuntaba co pequeno foco de luz.

A expresión da rapaza amosou temor, coma se a súa nai acabara de descubrir algo terrible. Un segredo con data de vencemento.

— Mamá? —preguntou con voz trémula.

— Si, filla, son eu —respondeu mentres se abaixaba ata se poñer ao seu nivel.

A rapaza tremía coma unha vara verde pola hipotermia que collera debido á choiva e ao frío daquela noite outonal.

— Axente? Segue ahí? —Ana dirixiuse ao teléfono.

— Si, señora, aquí estou. Atopouna? É ela?

— Si, é ela —confirmou—. En lugar da patrulla, imos necesitar unha ambulancia canto antes. Creo que Selene pode estar en estado de hipotermia.

— Chegará o antes posible. Resistan.

— Grazas —dixo Ana xusto antes de colgar e se volver de novo cara á súa filla. Esta mirouna con ollos enormes, enmarcados por escuros cabelos mollados que se derramaban ao redor da cara nacarada da rapariga.

— Breixo e Xoel tamén teñen frío —apuntou Selene.

A Ana entrecortóuselle a respiración ante tal afirmación.

— Que dixeches?

— Breixo e Xoel. Que teñen frío tamén —repetiu sinalando un espazo baleiro ao seu lado.

— Selene... —comezou Ana devagariño. Eles non están aquí...

— Si que están. Levamos aquí toda a noite. Sempre vimos xuntos ao outeiro... —calou de súpeto, coma se acabase de revelar algo que ninguén debía saber.

— Escoita, filla, eles non... —a nai non conseguía atopa-las palabras. Unha bágoa escorreu pola meixela de Ana. Auga salgada que se mesturaba coa auga doce da choiva, como a realidade se mesturaba coa fantasía delirante da súa filla.

Breixo e Xoel morreran había medio ano. Foran dos primeiros en probaren a vacina do coronavirus por seren pacientes de risco, o primeiro deles por ser asmático e o segundo pola tendencia natural que tiña a coller pneumonía nas épocas de gripe. Coma tantas outras persoas, reaccionaron mal ao medicamento e, en lugar de evita-la enfermidade, adquirírona na súa versión máis severa. Ámbolos dous pasaron varios días na UCI do hospital, conectados a respiradores automáticos. Non obstante, pese aos esforzos dos sanitarios, nada se puido facer por salvárllle-la vida.

A noticia golpeou fortemente a Selene, quen decidiu que a realidade xa non tiña nada que lle ofrecer, así que renunciou ao contacto con ela. Comezou a esquecer de forma voluntaria a toma das pílulas, escondendo, na gabeta, as caixas que a súa nai traía da farmacia e que ela nunca chegaba a abrir. Pouco a pouco, do mesmo xeito que o mar erosiona as rochas, a paranoia ermou a súa visión do real e a rapariga escapou ao mundo paralelo que creara á súa medida.

De socato, a sirena da ambulancia rachou o silencio e sobresaltou a Ana e a Selene. Varios sanitarios baixaron do vehículo cubertos coas proteccións que a pandemia facía necesarias e dirixíronse á inusual escena que tiñan diante. Unha nai e a súa filla sentadas en silencio ao carón dunha árbore durante o que semellaba ser un sucedáneo do diluvio universal. Ambas parecían estar en estado de choque e tremelicaban mentres miraban a un punto fixo alén da escuridade.

Nai e filla subiron na mesma ambulancia, cubertas as dúas por mantas térmicas que as facían recuperar, aos poucos, a súa temperatura corporal. Ningunha falaba. Ana cavilaba, barallando as posibles vías de solución ao problema da súa filla, mentres Selene se despedía interiormente dos seus amigos. Sabía que aquel camiño ao hospital tiña un destino concreto. Non os volvería ver, porque cando regresara ao mundo real ningún deles estaría alí xa.

Nunca máis.